

Déspotas insensatos,
Forzá, forzádo gallos;
Pode oprimir o ferro,
Un corpo enfracuado,
Mais as nobres idéas,
E gloriosos instintos...
Esas... nor pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extingúese!
Eduardo PONDAL

A Nosa Terra

PERIÓDICO GALEGO

¡Bárbaros,
Las ideas no se matan!
DOMINGO F.
SARMIENTO

Año XXX

BOS AIRES, XANEIRO DE 1945

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Núm. 434

EDITORIAL

GALEUZCA E A REUNION DAS CORTES EN MEXICO

Galezca non estivo representada na fracasada reunión de cortes en México. Diante d-esta nova argallada de Prieto, Galezca puxo toda a súa vontade e toda a aitividade en procura de que non se dera un paso en falso. Máis nada podeu deter o vértixo improvisonista con que certos políticos queren deixar ben documentada a súa falla de cordura i-a súa irresponsabilidade.

Galezca comprende a importancia de este intre, ben propicio por certo, para facer algo serio en favor do orde republicano hespañol, para sacudir a ditadura e para entrar a por un concerto fundamentalmente novo i-axeitado nas cousas d-Hespaña.

Galezca esfórzase por arredar aos homes destacados — que debían teren senso da responsabilidade que pesa sobor d-eles— das suas disputas inútiles e perxudiciales, e dos seus erros, intransixencias e terquedades.

Galezca afirma e pregoa o seu credo de cordialidade, de leal entendimento e de patriótica cooperación para que todol-os hespañoles cheguemos a concertar o plan de traballo que compre levar adiante para liberar e levantar a Hespaña.

Agora en México, fracasada a Xunta, fracasadas as cortes, intentarase unha nova saída, e para elo faránse as xestións e tratarase de chegar aos acordos indispensables. Galezca estará colocada n-unha aitude, na súa aitude de armonía, de previsión e acción constructiva: mirando para solucións patrióticas, para os feitos trascendentales; e non para os erros da contumacia nin para as vanidades persoales.

Galezca non se contenta con que no nome d-Hespaña se satisfagan caprichos ou se fagan bobadas.

Galezca quere que Hespaña chegue a ser un grande Estado europeo no que haxa orde, liberdade, benestar e progreso.

E para esto Galezca entende que os autos de goberno, ou que tendan a crealo, han de revestir previsión, cordura e patriotismo.

Por eso Galezca non concurreu as cortes convocadas en México.

(TRADUCCION)

Galezca no estivo representada en la fracasada reunión de cortes en Méjico. Ante esta nueva "ocurrencia" de Prieto, Galezca puso toda su voluntad y toda su actividad en procurar que no se diera un paso en falso. Pero nada pudo detener el vértigo improvisonista con que ciertos políticos quieren dejar bien documentadas su falta de cordura y su irresponsabilidad.

Galezca comprende la importancia de este momento, bien propicio por cierto, para hacer algo serio en favor del orden republicano español, para sacudir la dictadura y para entrar a poner un concierto fundamentalmente nuevo y adecuado en las cosas de España.

Ahora en Méjico, fracasada la Junta, fracasadas las Cortes, se intentará una nueva salida, y, para ello, se harán las gestiones y se procurará llegar a los acuerdos indispensables. Galezca estará colocada en una actitud, en su actitud de armonía, de previsión y labor constructiva: mirando para soluciones patrióticas, para los hechos trascendentales; y no para los errores de la contumacia, ni para las vanidades personales.

Galezca no se contenta con que en nombre de España se satisfagan caprichos y hagan bobadas.

Galezca quiere que España llegue a ser un gran Estado europeo en el que haya orden, libertad, bienestar y progreso.

Y para esto Galezca entiende que los actos de goberno, o que tiendan a crearlo, han de revestir previsión, cordura y patriotismo.

Por eso Galezca no concurrió a las cortes convocadas en Méjico.

Pacto de galezca firmado en México

Las organizaciones, Partido Nacionalista Vasco, Solidaridad de Trabajadores Vascos, Partido Galeguista, Ezquerria Republicana de Cataluña, (Secretariat de Mexic), Estat Catalá, Accio Catalana, Partit Socialista Catalá, Comunitat Catalana y Unió de Cataláns Independentistes, declaran por medio de sus representantes autorizados, que han llegado al establecimiento de un Pacto, que tiene sus precedentes en otros de alianza y en la solidaridad sellada con la sangre de sus mártires, sobre las siguientes

B A S E S :

- 1a. Que se hallan firmemente decididas a intensificar, mediante una acción conjunta de Cataluña, Galicia y Euzkadi, los esfuerzos que vienen realizando en contra del régimen tiránico y totalitario del General Franco, hasta lograr el completo derrocamiento de dicho régimen.
- 2a. Que se opondrán a todo intento de restauración monárquica, antipopular y antidemocrático, así como a todo régimen que no sea aceptado por las voluntades libres y soberanas de sus respectivos pueblos.
- 3a. Que proclaman una vez más que Euzkadi, Cataluña y Galicia constituyen por sus títulos históricos y lingüísticos, por sus características culturales y por sus tradiciones políticas, tres naciones claramente definidas, con voluntad nacional reiteradamente expresada y demandan para ellas los derechos fundamentales que corresponden a toda nación en el concierto de los pueblos civilizados, cuales son: su libertad, su soberanía y su derecho de autodeterminación, postulados por los que luchan las Naciones Unidas contra el fascismo internacional.
- 4a. Que se comprometen a defender, para

sus respectivos pueblos, un régimen republicano y democrático, basado en el respeto de la libertad y dignidad de la persona humana e inspirado en postulados de justicia.

5a. Que la unión de los pueblos sólo puede ser eficiente, fecunda y duradera, mediante el respeto a la personalidad de cada uno y sobre la base del pacto libre y voluntario.

6a. Que para mantener los presentes acuerdos, coordinar y dirigir la acción conjunta que las circunstancias exijan, y realizar una acción defensora de los derechos de Galicia, Cataluña y Euzkadi en todas las esferas y órdenes, se constituye un organismo que se denominará GALEUZCA, integrado por las representaciones de las organizaciones gallegas, vascas y catalanas.

El presente pacto se redacta por triplicado en las tres lenguas, gallega, vasca y catalana y se firma en la ciudad de México, el día 22 de diciembre de 1944.

Por el Partido Nacionalista Vasco: José Luis de Irisarri, Presidente y José Luis de Lartitegui, Secretario. Por Solidaridad de Trabajadores Vascos: José María de Goikoetxea, Presidente y Jacinto Suárez, Secretario. Por el Partido Galeguista: J. López Durá y Florencio Delgado, de la Delegación del P. G. de México. Por Ezquerria Republicana de Cataluña (Secretariat de Mexic): Joan Loperena Roma, Presidente y Jaume Senyal Ferrer, Delegado. Por Estat Catalá: Ramón Peyroc Pic y Joan Cid Mulet, Delegado. Por Accio Catalana: Ramón Peyroc y Joan Cid Mulet. Por el Partit Socialista Catalá: Víctor Colomé y Josep Vidal del Consejo Ejecutivo. Por Comunitat Catalana: Baltasar Samper, Presidente y Llorenç Perramón Playa, Secretario. Por la Unió de Cataláns Independentistes: Marcell Perelló, del Consejo Ejecutivo y Jordi Arquer, Secretario.

Viaxe do Dr. Ramón María de Aldasoro

Ao escribir estas verbabs, o Dr. Ramón María de Aldasoro dispónse a partir para Nova York. Cando elas seian impresas, cicaís a este grande amigo dos galegos se atope cruzando o aire en camiño as terras do Norte.

E o Dr. Aldasoro conselleiro do goberno vasco, que preside o Dr. Aguirre. O seu viaxe responde a un chamado de éste para tomar parte nas reunións que aquel goberno celebrará moi axiña na populosa urbe estadounidense. Tamén ocupa o Dr. Aldasoro o cargo de presidente de Delegación

Vasca en Buenos Aires. A súa descollante persoalidade, as suas



RAMON MARIA DE ALDASORO

atividades múltiples i a sus gran de simpatía destacan a figura do Dr. Aldasoro con perfíles inconfundibles.

N-estas sinxelas verbas, adicabas a augurarlle un feliz viaxe, vai para él, en-él, a afirmación da amizade que xungue a vascos e galegos. Amistade que trascende este intre para alongarse en lamio

Don Leandro Pita e o Federalismo Yugoslavo

No diario "El Mundo" desta cidade, e baixo o seudónimo de "Ortegal", Pita Romero ben publicando unhas crónicas periódicamente. A correspondente ao día 15 do actual, referíndose ao problema de Yugoslavia, di o seguinte: "El porvenir de Yugoslavia es el estado federal que pretenderá rectificar la hegemonía tradicional servia que representó la monarquía".

Don Leandro que foi deputado galego, ministro do Estado hespañol i embaixador da República no Vaticano, en fin, un político que chegou a ser poder e que xamais lle ouvimos falar dese xeito do problema político hespañol, deixounos coa boca aberta. Hai que amocarse. Tal parecera que D. Leandro espertara agora a realidade.

¿Non lle parece, D. Leandro, que o caso de Hespaña é semellante ao de Yugoslavia?

Conformes con D. Leandro respecto a Yugoslavia; mais nós eisiximos d-éle un pouco máis de valentía no caso hespañol e, principalmente, no caso galego. Ser unitario en Hespaña e federalista en Yugoslavia, nun hespañol meseteiro é comprensible, nun galego, non.

Encol das Cortes Hespañolas de México

Os deputados galegos, vascos e cataláns, radicados n-este país, enviaron o seguinte telegrama o día 15 de decembro derradeiro: "DIPUTADOS GALEUZCA CARECIENDO CONVOCATORIA E INFORMACION FIDEDIGNA JUZGAMOS NECESARIO APLAZAR REUNION CORTES Y GESTIONAR PREVIO ACUERDO REPRESENTACIONES CALIFICADAS".

Está visto que os nosos deputados aceptaban, en principio, a xuntanza de cortes, pero temían un fracaso se previamente non se establecía unha concordia de total-as forzas democráticas hespañolas.

Os feitos subsiguientes viñeron a demostrar que tiñan razón.

AS PAROLAS E OS FEITOS

★ COINCIDINDO CON FRANCO

Don Inácio Prieto reside en México. Alí dirixe o J. A. R. E. O Jare é unha parte do Tesouro hespañol. Pero, ademais desta suculenta Dirección, ocupase, desgraciadamente, de política. A política axúdalle a administración do Jare; e o Jare faíno campeón da política. Pero, non é desafortunado a causa do que nos queremos ocupar.

Fai pouco mais ou menos, un mes e meio, don Inda, que é un actor moi listo, "mandouse a sua parte", como din os cómicos destas terras. A sua parte foi un parlamento moi longo, moi longo, no que non d'xo mais que vulgaridades. Só se destaca de todo él, o ataque que lle fixo a Rusia, que é a sua "besta negra". Os ataques ao povo ruso, son o "motivo" de todos os seus discursos. Para él, o goberno polaco de Londres, que é fascista, composto, cuasi todo, por grandes terratenentes, herdeiro do lider nazi, Coronel Bek, é un goberno de anxelinos; en troques o de Lublin, é un goberno de malandrís. ¿Qué dirá d'este discurso, o proletariado hespañol, sobre todo o bibeño e o asturiano? ¿Qué vai a decir? ¿A burguesía agradecida, don Inda!

Menos mal que o lider socialista non goberna en España, que si non xa estaba mandando, o mesmo que Franco, unha División Amarela pra combater a os marxistas moscovitas. ¿Don Indalecio, don Inda... mais cando se deixará de amolar?

★ VOLVAMOS O NOSO ESTILO

No número anterior de A NOSA TERRA, publicouse un notabel artigo do noso irmán Lois Tobío. Non sabemos se todos os nosos lectores repararían nel, anque, a firma somente, incita a leelo, pois Lois Tobío é hoxe un dos máis hábiles e capaces diplomáticos de carreira con que conta a Diplomacia hespañola; i é, ademais, un ben escritor, investigador e ensayista destacado, membro do seminario de Estudos Galegos de Sant Yago. Non é este o intre de facer e qui a biografía do noso distinto irmán; pasemos, logo, a falar do seu traballo titulado "Na portá dunha nova etapa". Fai unha lixeira comparanza (nun artigo periodístico non se pode facer mais) entre a mentalidade hespañola e a galega, e traza un esquema da ductibilidade galega comparándoa coa a rixidez castelán; co seu entesamento e a sua arrogancia, que tan perjudiciales foron pros intereses da nosa patria a través de séculos.

"Temos que facer — di — unha política galega, non só nos fins e nas arelas, senon tamén no estilo. Sería absurdo que os galeguistas practicasemos unha política imitadora do de fora, negadora do propio".

"Debemos levar a nosa flexibilidade, — engade mais adiante — o noso senso arxentino, a nosa propensión a examinar os problemas e as cousas desde distintos puntos de vista, conseriedade, a nosa situación política. A cousa será certamente decida si deixamos de mirar pra fora, con atitude mimética e ollamos cara dentro, cara nós, o noso e os nosos".

A razón seguida di: "Como se nos ten feito tanta bulra pol as condicións do noso carante, que en dávida pode caer en defecto de ca. zurrería, pero que non ten porque caer (é na maior parte dos casos non cai, inda que outra cousa lles pareza aos outros porque contrasta co seu carante impulsivo, irreflexivo, unilateral e xerfacerlo) chegamos a estimalos coua vergoñosa que debemos vencer. E, así, caímos nos defectos que son froito do carante ibérico, o máis antipolítico e antidi. promático de toda Europa".

O artigo non ten desperdicio. Está cheo de suxestións. E unha verdadeira lástima que este silencioso escritor, este agudo pensador, non escriba mais a miúdo nas nosas publicacións, porque o seu pensamento podería servirnos de guía, de orientación.

"Forxemos — termina — e noso estilo político. ¡E ogallá este estilo chegara a imponerse nos outros povos de España!"

Nos coídamos que, o noso estilo, está forxado; si é certo que o estilo é o home; e o noso home é diferente. O que ocorre é que nos es. quecimos d'él, a forza de impórseos un estilo alleo; e ademais de el, malo. O que debemos facer é volver o noso, que é mellor; e, ademais, noso.

Non debemos esquecer que son dúas psiquis, dúas mentalidades diferentes: a iberica e a celta; eles son de raza berebere, semita. Nós, somos de raza celta, indo-europea. Nós, os galegos, somos verdadeiramente europeos. Pra nós, aquilo de que "África llega hasta los Pirineos", non reza.

★ ¡GALICIA NON PERDONA MAIS!

A creación do Consello de Galicia, causou un afervoado entusiasmo no seo da colectividade galega do Rio da Plata. Tamén o causou en todas as colectividades nosas d'América, según noticias que nos veñen chegando día a día. O apoio, económico e moral, é a característica destas entusiasmo adhesións. As entidades de maior prestixio, achegáronse a él pra ofrecerlle a sua axuda e a sua colaboración. Os homes máis destacados da nosa colectividade, e de distintas ideoloxías políticas, puñéronse ao seu servizo. Só os "imbéciles i escuros" de que nos fala o poeta, fican o marxe d'este firme e serio movemento patriótico. Podémoslos nomear. Os seus nomes asómanse a punta da estilográfica. ¡Non vaia pena! ¿Pra qué? ¡Valen tan pouco! E moito máis cómodo e conveniente estar a espelita, pra cando chegue o intre de sentarse a mesa, "escoller o mellor sitio; pro esto non ha de ocurrir — Deus mediante.

Ou non ha de haber nunca mais república en Hespaña, ou desta vez Galicia conquistará a liberdade, pola que ven loitando desde fai varios séculos. Os tempos van chegando. Entón, os desleales, os traidores e os prigueiros, terán a repulsa e a sanción que merezan. Por. que... ¡Galicia non perdona mais!

★ UN "SOLO" DE TENOR

Nas Cortes hespañolas do 31, dixo en certa ocasión Ortega e Gas. sel, que debían desbotarse, dunha vez por todas, do Parlamento, os xaballies, os tenores e os papagaios, referíndose a certa clase de oradores. Pero, a voz do ilustre pensador, non foi escollida; porque, dispois de cerca de tres lustros aínda se escoitan, volta a volta, os gruñidos, os arroxos e as gongoladas da fauna parlamentaria hespañola.

Según nos comunicou o cable, os outros días reuniuse o parlamento hespañol (64 deputados según o "Nacional" de México), e con este motivo, fixo uso da verba D. Fernando de los Ríos, chegado especialmente dos Estados Unidos para asistir as sesións.

A estar polas declaracións dos deputados presentes, D. Fernando "dijo el mejor discurso de todos los tiempos". ¡Os hespañoles-os hespañoles do sur—, pagándose sempre de verbas e forzando a hipérbolo! Non é que nós desconfiemos da capacidade de D. Fernando, non; nós sabemos que poses unha depurada escola de canto, i é capaz de dar un altísimo "do de pecho"; de facer "fermatas" e "ritornelos"; como o máis virtuoso divo. Pero, é o caso que, con "ritornelos", "calderones", "fermatas" e "dos de pecho", non se vai a recuperar a República; o que ficou si, foi satisfeita a vacuidade mental dos parlamentarios hespañoles presentes no "debut".

¡Ay! se con aspexios, gruñidos e psitacismos gangosos se conquistara a Hespaña, xa teríamos a estas horas, a ese heroico maioral da República, que é D. Indalecio Prieto, acabando con "eso de las autonomías" e facendo unha "Hespaña grande e única", como un Franco calquera.

Unha "Hespaña grande", non se fai con parolas; faise con feitos; e se non que o digan os nglese — por quén o Sr. Prieto di que sente admiración — coa sua Confederación de povos Británicos. O demáis son parolas, parolas, parolas...

RAMON CARBALLO.

ACTIVIDADES DE GALEUZCA

Con ser moi grande a aitividade de GALEUZCA, aínda está moi por debaixo da inqueda e das ansias que o seu aparcamento es. pertoun.

Cumprida a xira do Prada, e xa este incansable irman en viaxe a Montevideo e preparando un novo viaxe a Europa, na semana que ven, o Dr. Aldasoro emprenderá camiño a Norte América, e dempois seguiralle Castela en marcha ao Brasil.

Son tres chancadas longas nas que os persoeros de GALEUZCA levan misións a cal mais importante.

O Dr. Aldasoro vai a xuntanza do goberno vazco, que se levará a cabo en Nova York. As novas orientazóns que deben concretarse en México, non serán alleas a misión do Dr. Aldasoro.

O Dr. Castela ten de porse en contacto coa importante colonia galega do Brasil e animar o entendimento e concordia do mundo de fala galega, entendimento e concordia dos que teñen moito que esperar, moito bo que conquistar, tanto o futuro orde peninsular como o porvir ao hispanismo; e de cir, a colaboración espiritual i económica dos povos de fala galega e castelán.

O prada, este San Paulo de GALEUZCA, proseguirá en Europa a evanxeización que tan felizmente escomenzou no Novo Mundo.

GALEUZCA, representada por tan diños persoeros, vai así por ambos mundos levando o seu credo de fe e aitividade: a sua afirmación de lealdade co auténtico ser de Hespaña, de fe patriótica no seu porvir, e de traballo para labralo.

Moi ben, Xerardo

Xerardo Dias escribun. Este non tería moita importancia, pois aínda fai pouco tempo que lle dirixeu "al compañero Alvaro de Albornoz" unha longa e profunda "perorata" que, se non dera presa o "repúblico" de marras o contido da mesma roubera dado logar a un principio de tuberculosis mental. Mais agora non se trata deso, Xerardo Díaz escribun no "Pueblo Español", e nada menos que encol das nacionalidades. ¡Moi ben, hom. moi ben! Os nosos máis quentes parabens!

Dí Xerardo: "La mayoría de los gallegos, ya le hemos perdido la fe al Estatuto, por. que no solo vió la luz del día mutilado y castrado, sino que ahora es vetusto para encarar los problemas de Galicia con eficacia, capaz de llevar a nuestra región al rango social, cultural y económico a que tiene pleno derecho. Porque las nacionalidades que tienen un sello peculiar nacional, típico y propio como Galicia, sólo podrán demostrar su valía cuando gocen de su plena autonomía, autonomía integral, se entiende, con idioma, tribunales propios, con leyes propias, en una palabra, con el pleno dominio de la cosa pública, enlazada por recíproco entendimiento con los demás pueblos de Iberia y dentro de un federalismo que no sea tutelaje, sino la libre unión de nacionalidades, capaz de cimentar la paz y la grandeza de los pactantes dentro de un estado progresista y libre".

Camisería de
medura fina
PREZOS BÓS
BRIGO
Sáenz Peña 14 - Bós Aires

Lois Seco Piñeiro

2º aniversario da súa morte

Cúmrese este mes, o segundo aniversario da morte do que foi o noso benquerido e inesquecible irmán Luis Seco Piñeiro. Dous anos pasados sin a súa

para todos os que s'achegaban á fontena maina e límpida do seu espírito e ao circo velaño dos seus brazos fraternaes. Todo n-íl, era gozo de vida e



presencia estimulante e leda, pero si coa súa inmorrente lebranza no noso corazón, porque Seco terá sempre un curruncho quente e manseliño nos nosos recordos, como il tivo en vida, labaradas de agarimos de irmán

arelas de fundir nos demáis os froitos agromados da sua i-alma aberta a todo o que fai outa e velida a nosa existencia, o noso tránsito lizgano pol-os camiños do mundo. A súa fé nos destiños inmorrentes da Terra, era tan fonda e afincada, que falaba sempre do porvir de Galicia, coa seguridade real do feito histórico xa cumprido, e co isa esperanza definida sementaba nos amigos e irmáns, silandieramente, os anxeiros xenerosos do seu pensamento e do seu corazón.

Pero aqueles, que os deuses aman, decían os griegos, morren axiña. E unha morte treidora, incomprendible levoul-o da nosa veira para o pelerinaxe sin retorno. ¡E canto arelaba Seco a ledicia d-un novo pelerinaxe a Terra! Pero xa endexamáis voltará a solagarse no feitizo da mar da súa vila mariñeira, nin ollar a rosa albeira da lua dende o piñeiral, nin brincar pol-os ronseles que levan a todol-os currunchos ben amados.

Cúmrese este mes, dous anos da súa morte e ao escribir outra volta o seu nome inesquecible, atopamos os ollos orballados de bágoas.

O día 19, os seus amigos e irmáns, nos achegaremos ao derradeiro anaco onde descansa, a ofrendarlle o tributo do noso desacougo e da nosa door.

KENVOSPAREZA.

CLAUDIO FERNANDEZ
AXENCIA CENTRAL "DODGE"
AUTOMOVILES
E CAMIONS
660 - MORENO - 680
U. T. 33-6484 y 7444
752 - VICTORIA - 760
U. T. 34 Defensa 7823

Velahí o que acaba de decir don Luis Jiménez de Asúa n-unha conferencia pronunciada por él no Teatro Nacional de Sucre, según "España Republicana" do día 16 de decembro derradeiro:

"Alguien asomó diciendo que la revolución hay que hacerla desde arriba, pero es lo cierto que toda revolución debe hacerse desde abajo, para que después se la encauce y dirija desde arriba. Constituída la República, se pedía una Constitución a breve plazo. La Constitución es el ropaje con el que se va a vestir a un cuerpo vivo, pero en tales momentos no había cuerpo vivo y palpitante, más que el de la monarquía que había acabado de caer. Lo que se había hecho, era un enorme salto de la monarquía a la República y ésta aparecía todavía como un cuerpo pequeñísimo e infantil al que no podíamos vestir de largo, de frac y con sombrero de felpa para presentarla de inmediato a quienes reclamaban una Constitución. Esta garantizaba a la propiedad privada y a la tenencia de grandes extensiones de terreno sin cultivar y hasta la permanencia en los pueblos de responsabilidad a los propios monárquicos. Y así salió una Constitución que poco más tarde iba a servir para que se alzarán unos soldaditos y para que unos terratenientes pagaran la revolución que había de sepultar a la República".

Tomamos de "España Republicana" do día 30 de decembro derradeiro unha "Nota de Redacción" que define o criterio de moitos republicáns:

"Nuestro artículo, sobre la razón o título de nuestro derecho, produjo en ciertos órganos democráticos, algunos comentarios. Uno de ellos se reduce a criticar el que consideramos tabú la Constitución de 1931".

"Mal nos entienden, los que no desean entender. Decimos y continuaremos diciendo, que el régimen establecido en la Constitución de 1931, era el legal en España, cuando se alzarón contra la República, los enemigos de ella, interiores y exteriores. Ese régimen era el aceptado por el pueblo español y al que había prestado su pleno asentimiento. Pues bien; en tanto el pueblo español no manifieste su libre voluntad de modificarlo, sea cualquiera el alcance de esta modificación, ese régimen subsiste para nosotros. Lo que no admitimos es que se le declare terminado desde el exterior, y sin vigor a una Constitución cuyo contenido fué jurado y prometido guardar. Y esto es bastante claro para todo el mundo".

Escribe o gran periodista vasco Tellagorri en "Euzko-Deya" do día 30 de decembro derradeiro:

"Claro, porque ya va picando en historia la cantinela esa de que "España será lo que el pueblo diga". Bien está eso, pero ustedes,

¿qué dicen? ¿O es que cuando volamos todos a nuestras casas van a meterse ustedes cada uno en la suya para hacer una cura de silencio?"

"Constitución de 1931, período constituyente, elecciones libres, que el pueblo manifieste su voluntad... Bueno está todo eso; pero como supongo que ustedes, que siempre han sido guías y mentores del pueblo, continuarán en ese trabajo, me interesaría saber desde ya qué es lo que ustedes van a decir al pueblo en la campaña electoral."

"Ustedes solicitan la adhesión de todos. Muy bien; pero ¿para qué? ¿Qué van a hacer ustedes con nuestra adhesión? He ahí un pequeño detalle que, al menos a mí, me interesa muchísimo aclarar."

"Son varias las cuestiones sobre las que quisiera conocer desde ahora sus valiosas opiniones. De entre ellas, destacaré una que me afecta especialmente. ¿Qué le opinan ustedes sobre lo que ha de ser la estructura política del Estado, una vez recuperada la República? ¿Creen ustedes que debe ser una Confederación de naciones ibéricas, en la que el día de mañana pueda entrar Portugal; o bien una República federal; o una República unitaria con autonomías posibles para municipios y regiones; o una República unitaria, sin más aditamento?"

"Comprendan ustedes que antes de dar mi adhesión a sus proyectos, necesito conocer en qué consisten esos proyectos. ¿No es natural esto?"

"Eso de decir que "España será lo que el pueblo diga" es una bellísima frase, pero apenas si dice nada; tal vez el pueblo, como en todas las ocasiones anteriores, dirá lo que sus mentores digan. Por eso quisiera saber qué es lo que ustedes van a decir al pueblo."

"Lo más probable será que yo no salga por esas plazas, frontones, teatros y campos de Dios, a decir al pueblo qué es lo que el pueblo quiere, y qué es lo que debe querer, y qué lo que debe votar, porque nunca lo he hecho; y es casi seguro que ustedes lo harán, porque en su vida lo han hecho siempre. Sin embargo, a lo mejor se me ocurre escribir en algún periódico de mi tierra, metiéndome a mentor de quienes, seguramente, saben más que yo. Por si eso ocurriera, adelantaré mi opinión: soy partidario de que el futuro Estado republicano sea una Confederación de naciones, dejando la puerta abierta para que, si les conviene y si así lo desean, entren los portugueses en la familia ibérica, con lo cual la cosa quedaría bastante completa."

"Y ya que estamos en esto, les diré más. Les diré que no entiendo bien —quizá porque está dicho así— para que no se entienda bien —

qué es lo que ustedes quieren decir, concretamente, cuando dicen eso de que "España será lo que el pueblo diga". ¿Qué pueblo? ¿Entienden ustedes que en España no hay más que un pueblo, o entienden, como yo, que hay varios? Y en este caso, ¿opinan, como yo, que cada uno de esos pueblos dirá qué es lo que quiere; o, por contra, opinan que la suerte del pueblo vasco ha de ser fijada, no por los vascos únicamente, sino por los veintiseis millones de personas que habitan todos los pueblos que comprende el Estado español?"

"En fin, ya conocen ustedes mi opinión, que la he expuesto aun sabiendo que a ustedes no les interesará gran cosa. En cambio, a mí me interesa extraordinariamente conocer la opinión de ustedes. Por eso, ¿qué opinan, caballeros? Necesito saberlo antes de concederles la adhesión que me piden."

"Supongo que no les molestará esta denuncia mía. Ustedes comprenderán que no es otra cosa que obligada prudencia eso de querer saber de antemano qué es lo que un señor que nos pide nuestra confianza, va a hacer con ella."

"Aun diciéndolo y todo, suele haber sus más y sus menos a la hora de la verdad; conque no les digo nada de lo que podría pasar cuando no se dice ni pio".

COMENTARIO

O Código fundamental da segunda República foi unha creación porque non podía ser unha consagración. Queremos decir que foi unha teoría xurídica en vez de ser unha legalización de novas realidades, porque alí non había feitos revolucionarios que consagrar. Pero se aquel Código sirveu para afundir a República, como acaba de decir, polo visto, Jiménez de Asúa, non se pode absolver de culpa aos xuristas que o reditaron, pois non é certo que non se poida facer a revolución dende arriba cando se sinten os problemas vivos do país e se presinten os efectos d-unha reforma xurídica. O que pasou é que os creadores do Código fundamental carecían de intuición política, e así o fracaso da Lei que eles maxinaron é un fracaso da súa sabiduría.

Por escribir un Código revolucionario antes de facer a revolución ou por non saber qué reforma xurídica convida impulsar dende arriba, resultou que as mesmas Cortes Constituintes do 31, aos poucos días de ser promulgada a Constitución, víronse obrigadas a votaren unha lei anticonstitucional — a "Lei de Defensa da República", que ven sendo algo así como si se crease unha policía para defender o exército... Pero non se pode negar que a segunda República tiña unha Constitución ou "título de Dereito" para uso esterno.

A nós pode pedírsenos, polo tanto, que respetemos ese símbolo en atención ao seu orixe parlamentario; pero somentes como punto de partida e nunca como tope das nosas aspiracións. Emporiso recomendamos aos redatores de "España Republicana" que non confundan o réxime republicán coa Constitución do 31, pois non é xusto que se invoque o ben probado republicanismo dos povos hispanos para impoñerles unha Lei fracasada, que nunca foi sometida a referendun popular e que apenas pasou de ser un en-

xendo literario, máis ou menos bonito. Téñase en conta que si a Constitución do 31 non sirveu para apagar os motores da guerra civil resulta parvo creer que con ela se poida restaurar a liberdade hespañola sobor d'un volcán de pasión. Por outra parte, non creo que debamos enarbolar esa bandeira de papel, porque hai moita xente no mundo que a considera culpable da in-subordinación que nos trouxo ao desterro e, certamente, non val a pena de reivindicar a súa inocencia.

Por moito que discurren os leguleios republicáns non hai motivos para manter, anque soio fose simbólicamente, a vixencia d-unha Constitución que morreu ao dar o primeiro folgo (o clima ibérico afogou aquel ente sutil, traído de Weimar). Ninguén discute a lexitimidade da súa nacementa, pero eso de "reinar dispois de morrer", como Inés de Castro, é cousa demasiado poética para estes tempos. A Constitución do 31 non se pode invocar nin tan siquiera como estímulo reivindicador, porque todos saben que o povo non derramou o seu sangue por ela nin agora pensa en restaurala. O povo loitou pola República; é decir, pola Liberdade e a Xusticia, que cada un sinte e comprende sen necesidade de consultar aos xuristas.

Tellagorri e máis eu desexamos unha nova República, baseada no libre consentimento de todos os povos diferenciados de Hespaña, capaz de atraguer a Portugal. Os nosos anxeos son republicánisimos; pero non caben na Constitución unitaria e centralista do 31. Tellagorri e máis eu arelamos o restablecemento do orde republicán, non do orde constitucional, porque unha cousa é a República e outra é o Código inventado polos xuristas que pontificaron nas Cortes do 31. Por iso hai republicáns aferrados á Constitución do 31, como hai republicáns que desexan modificala e moitos que, coma nós, traballan polo advenimento d-unha República federal. Nós estamos tan arredados dos constitucionalistas da segunda República como Pi i Margall estaba dos unitarios da primeira. Lembremos que Pi i Margall chegou a decir que prefería unha monarquía federal a unha República unitaria e nós non decimos outro tanto porque sabemos que unha monarquía hespañola sería sempre máis intransigente e in-

tolerante que calquera República; pero hai republicáns que merecían ser monárquicos polo degoiro centralista que os domina.

Tellagorri demanda o parecer dos republicáns do 31 — revolucionarios de onte —, pasma'o de que agora se resíñen a esperar a decisión do povo hespañol. Eu sei que non lle contestarán axei-tadamente; pero quero encher o seu silencio. Certo, amigo Tellagorri, que os repúblicos que agora viven aferrados á SUA Constitución aitaron de tal modo sobor da vontade dos povos hispanos que, gracias ao seu influ-xo, foi posible derrubar a ditadura e con ela o réxime constituído anteriormente. Denantes eran revolucionarios; agora son legalistas. Eles declaran TABU a Constitución do 31 antramentras o povo non manifieste a súa libre vontade de modificala; pero non desexan que se modifique e négannos a nós un dereito que eles exerceron con noble afán frente a Primo de Rivera e Berenguer. Non queren que o povo se entere das nosas verdades e tratan de adornarnos para que cando despertemos xa estean eles mandando dende Madrid...

"España será lo que el pueblo diga"... Pero tal vez diga o que os constitucionalistas do 31 non esperan.

"¡Muera la dictadura! ¡Viva la Constitución!" Velahí un berro de loita que nos devolve aos tempos de Isabel II, aos tempos do centralismo liberal. Pero eu digo que os ex gobernantes da República cicáis estean tan lonxe do poder como están os difuntos gobernantes da monarquía alfoncina, si é que solo combaten a ditadura para restaurar o desbaraxuste constitucional... Aquelo non volve, meus amigos, e recobralo sería tan miragroso como recobrar a xuventude perdida. Non soñen con imposibles. Pensen que si a ditadura primorriverista matou a monarquía e trouxo a República, porque todos nos empeñamos en abrir un novo estado constituente, resulta parvo creer que a ditadura actual sexa un episodio intrascendente da legalidade instituída en 1931, porque sobor das mudanzas que orixinou a guerra civil e a subsiguiente tiranía, pesarán alí, ademais, os trastornos do mundo. Non, amigos meus; se en 1931 se derrubou a monarquía, debemos creer que a caída do totalitarismo en Hespaña vai derrubar algo máis que unha Constitución de papel e os homes que se aferran a ela. Derrubará, polo menos, o centralismo...

X A N .

Casa OTERO

PLACAS RADIOGRAFICAS

Artículos de Calidad "ELIOT" PARA FARMACIAS Y HOSPITALES

AGUJAS Y JERINGAS HIPODERMICAS CATGUT, GUANTES, etc. - PERFUMERIA

General Urquiza 624

U. Telef. 45. Loria 8273

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

CELTA

FEDERICO LACROZE 4086 UNHA CASA ENTEIRAMENTE GALEGA

Periplo Galeguista de Rodolfo Prada, o Traves do Continente Americano

SAUDO DE BENCHEGADA

O 28 do nadal derradeiro, o noso benquerido e distinto irmán Rodolfo Prada, chegou o aeródromo de Morón no avión da Panagra, de volta do seu longo viaxe aéreo (unhas 100 horas de voo) por Chile, Perú, Ecuador, Colombia, Venezuela, Santo Domingo, Haití, Cuba, Jamaica e México.

Acodiron a esperalo e a darlle o saúdo de benchegada os membros do Consello de Galiza, deputados Castelao, Alonso Ríos e Villaverde, o profesor Gumerindo Sánchez Guisande, o presidente do Centro Orensano don Claudio Fernández, os membros de redacción do periódico "El Orensano", dirixentes da Irmandade Galega e gran cantidade de amigos.

Non foi, senón dispois de algúns días da súa chegada, que pudemos satisfacer os alcendidos desexos de entrevistar ao irmán Prada pra escoitar d'el o relato amplo e circunstanciado da brillante xeira patriótica que realizou o longo da América hispana. Ausorbido polas obrigas de orden comercial e industrial que lle demanda a importante sociedade anónima argentina, cuo directorio il preside, non foi cousa fácil atopar o intre axeitado pra facerlle unha entrevista. Furtándollas de noite o seu descanso, adicóunos unhas horas, nas cales nos fixo vivir as fondas satisfaccións de patriota galego, de fidel galeguista e de afervoado entusiasta de Galeuzca que tivo ao longo da roita de ida e volta que percorreu no recente viaxe a México.

Vel-eiquí unha síntesis do relato que nos fixo o irmán Prada.

★ OUXETO DO VIAXE

Confirmóunos Prada o que xa sabiamos: que o seu viaxe tivo por ouxeto cumprir unha misión de estudo comercial. Mais, home de alcendidas arelas galeguistas, de leiales e firmes conviccións democráticas e de fonda adhesión a os ideais básicos de Galeuzca que consisten en estruturar o Estado Hespáñol en réxime republicano federal, non pido menos de responder aos seus sentimentos e de servilos nos ben escasos intres de que podía dispor en cada cibdá visitada. E así foi que desenrolou unha eficaz e brillante laboura de verdadeiro embaixador da galeguidade e de Galeuzca.

★ POL-O AR D'AMERICA

N-un dos potentes Douglas da Panagra, emprendeu o irmán Prada o seu viaxe aéreo de Bós Aires a México o 13 d-Agosto derradeiro. A primeira etapa: Bós Aires - Santiago de Chile con baixadas en Córdoba e Mendoza. Cruceiro a través do peito argentino; dende as orlas do Plata deica as imponentes outaras dos Andes. A pampa grandiosa e verde. As serras cordobesas. Logo terras cháns e desérticas. E dispois a beleza saugante do xugoso, fértil e cermático val mendocino: longas singleiras de álamos, simétricas plantacións de frutales e xigan bescas táboas de axedrés formadas por cadros, perfectamente recortados, de viñedos.

★ EN MENDOZA

O paxaro de ferro, acougo

O Eisito Mais Compreto Corou a Sua Brilante Laboura.- En Todol-os Países, Encontrou aos Galegos, Vascos e Catalás, Dispostos a Traballar Firmemente Pol-os Xenerosos e Patrioticos Ideas de Galeuzca

Creación de Irmandades Galegas e Grupos de Galeuzca n-as cibdades mais importantes de Ibero América. - Entrevistas e conferencias con persoaxes destacados do republicanismo hespañol exilado n-este continente. - Atencións e agasallos de que foi ouxeto o noso irmán viaxeiro, por parte dos emigrados i-exilados políticos hespañoles. - Lixeira reseña dos aitos e reuniós realizadas

longos circuitos e mansamente fica pousándose no aeródromo mendocino: nos Tamarindos histórico no cal, o xenial San Martín, formou o seu heroico exercito libertador de tres nacións.

Y elí; o primeiro tropezo do itinerario. Un forte temporal na cordillera dos Andes obriga a suspender pro día seguinte o cruce a Chile. O contratempo ficalle compensado a Prada polo pracer de pasar unhas horas na belida cibdá de Mendoza pra il

leguidade.

★ EN SANTIAGO DE CHILE

Esvaída a forte oraxe de neve que azoutara as outas crestas dos Andes, o paxaro de ferro voou maxestuosamente por riba

xeiros que istán atravesando a fronteira arxentino-chilena. Aló abaixo, sobor d-un curuto, óllase o moimental Cristo Redentor, simbólico gardador da paz entre os dous povos irmáns. A imponentza do espectáculo cordillerán, —dinos Prada,— afogaba calisquera intención de gastarlle unha ironía a aquil símbolo da Paz n-ista sanguinienta e bárbara hora de guerra que istá vivindo o home.

A capital chilena depáralle a Prada o engado da compañía do irmán e diputado galeguista Ramón Suárez Picallo a quen tanto se lle recorda e se lle quer nos ambientes galegos d-Arentina. Co il, e co tamén bó galego, Garrido, toma contaio cos núcleos de patriotas catalás e vascos. No fogar dos catalás foi recibido e agasallado Prada. E n-aquilo aito, ficou botada a semente de Galeuzca. Dispois de informar Prada da constitución de Galeuzca en Bós Aires e de espicar o seu pran a prol da imprantación d-un réxime republicán federal nas Hespañas, os presentes acordaron porse a tarefa de constituir Galeuzca en Chile. Pedro de Arretxabala, delegado do Goberno Vasco, Antón Blavía, culto e afervoado persoero catalanista e o diputado galeguista Suárez Picallo, falando a nome dos respetivos núcleos déronlle a Prada a seguranza de que o voltar de México xa atoparía funcionando Galeuzca en Santiago de Chile. E así foi. A semente atuada por Prada foi, pouco dispois, regada pol-a verba e dinamismo do diputado vas-

co Dr. Lasarte na visita que fixo dende Bós Aires, e froitificou n-unha rexa ponla de Galeuzca.

O irmán Prada fálanos con alcendido entusiasmo da brillante laboura de galeguidade que desenrola Suárez Picallo n-aquilo ambiente. A colectividade galega achábase desorientada políticamente e coa concenza patriótica esmorecida. E Suárez Picallo con artigos nos xornais chilenos e coa súa verba elocvente, fixo o milagre de alcender o sentimento galeguista que se manifestou rexamente no banquete de máis de trescentos comensales, co cal, a colectividade galega de Santiago de Chile celebrou o derradeiro Día da Galiza no aristocrático hotel Crúsa d-aquela Capital.

★ EN LIMA

Antre o fusco e lusco d-unha mañán, o paxaro de ferro emprendeu o voo dende Santiago de Chile a Lima capital do Perú. Todo un día pol-o ar, con baixadas de acougo e pra repor combustible en Vallenar, Antofagasta, Arica e Arequipa. O cair a tarde, o aeródromo de Lima. E alí, a moi grata sorpresa de ser recibido cos brazos abertos por unha representación dos vascos presidida pol-o delegado do goberno vasco en Perú, Señor Germán Ortiz Montori que fora advertido cablegráficamente pol-os vascos de Chile da chegada do galeguista Prada.

Fálanos o irmán Prada con emocionada gratitude das xentilezas que con il tiveron os vascos de Lima. O Señor Ortiz Montori, antergo residente no Perú, ten posto o seu corazón e a súa folgada posición económica ao servizo do seu país vasco e dos ideais republicáns. No seu márfico automóvil brindóulle a Prada unha longa excursión pol-os máis fermosos sitios de Lima e suas veiras, que prolongou até as ruínas, maravilla arqueolóxica, da grandeira cibdá pre-incáica chamada Pacha-Camac, que fica a uns corenta kilómetros de Lima. O paseo tivo ademais o engado da compañía d-outro simpático vasco exilado, cultísimo e afervoado vasquista señor Díaz Mendivil. As cortesías dos vascos tiveron culminación n-un espréndido almorzo con que agasallaron ao noso irmán Prada no luxoso Country Club. Os postres, ofreceu a demostración en alcendidas verbas de fraternidade vasco-galega o señor Ibarra. Agradeceu Prada facendo logo unha esposición dos ideais de Galeuzca. Representando aos galegos do Perú assistiu o aito, especialmente invitado, o bó patriota galego Señor Roxe-

ro Fernández Blanco, "pioneer" da zona amazónica e home de importantes empresas comerciais, que, non embargantes os moitos anos que leva en terras peruanas, mantense fidel a patria galega e disposto a servir a nobre causa de Galeuzca.

★ EN CARACAS

Novamente o irmán Prada monta no aparello voador e por riba das nubes viaxa cara o norte. Lixeiras baixadas en Talará, Chiclayo, Guayaquil e descanso d-unha noite en Cali. E de novo a voar hastra Barranquilla (Colombia) con baixadas en Cartago e Medellín, treito de meravillosa paisaxe que lle fai lembrar as belezas da paisaxe galega. De Barranquilla a La Guayra (Venezuela) con baixadas en Coro i en Maracaibo a proxímiosa zona petrolreira. E da Guayra unha fascinante rubida en automóvil hastra Caracas, a vella e característica capital de Venezuela.

Novamente recibe elí Prada quentes mostras de afeuto de parte de vascos e catalás: do delegado do goberno vasco, o carbaieiro señor José María de Gárate e do musicólogo catalán señor Juan Gols Soler. En Caracas parecía que non había galegos, máis bastou que Prada tomase contacto co señor Xosé Mosqueira Manso, afervoado galeguista, e il sementara no espírito d-outriña de Galeuzca, pra que de seguida, coa colaboración do cultísimo escritor galego Silvio Santiago, arranxase unha xuntanza de máis de corenta galegos que reciberon con patriótico entusiasmo as noticias que Prada lles deu de Galeuzca.

Xosé Mosqueira Manso, Capitán da Mariña Mercante Hespáñola, contratado polo goberno venezolano pra estudar o proceso químico-biolóxico da formación da madre-perla e a súa industrialización; Silvio Santiago, hoxe o primeiro periodista de Venezuela, e o doutor Manuel Vaamonde, Comandante de Sanidad da Armada Hespáñola, son tres ilustres exilados que honran a Galiza en Venezuela.

★ NA HABANA

Volta a voar dende a Guayra a Barranquilla; e, dende ista cibdá, manífica travesía aérea sobor do mar hastra a illa de Santo Domingo. Escalas en Port au Prince, en Haití, en Camaguey e chegada ao aeródromo Campo Boyero da Habana. Axiña o Prada xúnguese en forte aperta co gran galeguista e ilustre escritor Xerardo Alvarez Gallego, un dos homes máis magoados espíritoal e material-

mente pol-a traxedia que desatou o falanxismo na sagra terra galega: seu cuñado, o esgrevio Alexandre Bóveda, fusilado; seu tío o benemérito médico de Tuy don Dario Alvarez Limeres, fusilado; seu pai o ilustre pedagogo

tas ocasións se lle presentan. Por conseguinte, tamén Galeuzca é ouxeto dos afáns de Alvarez Gallego, quen ten establecido, co respaldo da forte Irmandade Galega do Centro Galego, fraterno contaio cos núcleos de pa-

a que foi invitado especialmente Alvarez Gallego.

Pol-o que respeita a colectividade galega, tamén fixo, o noso irmán Prada, ouxeto de especiais atencións. Presentado por Alvarez Gallego, hoxe a primeira figura galega da Habana, visitou Prada o palacio do Centro Gallego cuia grandiosidade e magníficas dependenzas ademirou, así como o espréndido Balneario das Fillas de Galicia. O bó patriota señor Abelenda, presidente da Irmandade Galega e figu-

romate, as autoridades da Irmandade Galega ofrecéronlle a Prada unha cea no Hotel Royal Palm a cal asistiron destacadas personalidades cubanas e dirixentes da colectividade galega. Brindóulle o homaxe en garimpos e brillantes verbas o presidente señor Abelenda e logo escolleu a palabra ao Dr. Alvarez Gallego quen, no noso idioma, pronunciou un elocuentísimo discurso acugulado de emocións galeguista e de doutrina de Galeuzca. Pechou o aito o irmán Prada agradecendo o homaxe, que trasladou aos galegos de Bós Aires, en cuio nome fixo unha quente salutación fraternal aos irmáns galegos da Habana, terminando o seu discurso con unha alcendida invocación a patria galega i espondio o deber de todol-os galegos de servir a Galeuzca, xa que, a forte xuntanza dos vascos e catalás, é o mellor viro pra oute a liberación da Galiza e a paz i engrandecemento da Hespaña n-un réxime de república federal. Nota sainte do aito foi, o recordo afervoado que os tres oradores tiveron pra esgrevia figura. Presidente do Consello da Galiza, señor Castelao, cuio nome escarrecido foi ovacionado pol-os presentes.

A visita de Prada tivo repercusións na prensa da Habana, e un dos seus órganos máis difundidos, "Mañana", fixolle unha "interview" na que Prada fixo unha ampla esposición do programa e alcance de Galeuzca e da gran importancia que ten a concunión de galegos, vascos e catalás no panorama da política republicana hespañola.

★ EN MEXICO

N-un craro amanecer, en potente Douglas da Panamérica, deixa Prada a fermosa e alegre Habana i en longo voo por riba do mar Caribe chega a Mérida de Yucután. A mañán seguinte novamente a voar. As maravillosas terras mexicanas van desafiando baixo o paxaro de ferro. Lixeiros descansos en Villa Hermosa, Campeche e Veracruz. Fascinante panorama o voar perto do imponente Popocatepetl e da nevada serra chamada "A muller dormida". O cair a tarde, definitiva pousada no aeródromo de México, a deslumbrante cibdá "de los palacios".

Axiña, poido o irmán Prada comprobar a realidade da certa definición que Castelao ten feita de México en orde aos exilados hespañoles, a saber: que é nin máis nin menos, unha réplica do Madrid cafeteril d-ante guerra. N-efeuto, elí bulen e rebulen tod-a crás de políticos e politiqueros, de ideólogos seorsos ou trasnoitados (máis d-istos que d-aquiles), de profesores doutos e dos pseudos, de escritores e de artistas auténticos e falsos, de sabios e de iñorantes, de cordos e de tolos, de intelixentes e de parvos, de limpos e de porcos, de inxénuos e de picaróns... cada cal coidándose no da íneca fórmula, non doo pr-arranxar o problema hespañol senón tamén o do mundo enteiro. Nos cafés e casinos bulen e rebulen, berran e procraman, intrigan e corroen, desáñan e trituran, algúns de boa fé e moitos de mala lei... ¡O Madrid (Para a próxima)!



RODOLFO PRADA constempando a cibdá de México dende a terraza do Hotel Majestic. (O fondo a Catedral e o Pazo do Goberno)

de tantos recordos da xuventú, e de poder estreitar as mans dos bóos irmáns galeguistas Alexandre Cobas e Isidro Rodríguez, que-elí, xunto con Cacheiras, Neil, Miravelles e outros, manteñen alcendido o fogo sagro da ga-



Reunión d-emigrantes a cop que vascos e catalás ofreceron a Prada en Bogotá. A esquerda de Prada o xefe. Tód-a a dereita o Sr. Abrequeiro. No fondo: Illa Costa



Prada c-un grupo de galeguistas en México: D-esquerda a dereita: Profesor López Durá, poeta Delgado Gurrizarán, Andrés Valín, Prada, Roxelio Rodríguez de Bretaña, a dona e filla de Tomás, Ramón Cabanillas (fillo) Silxio Rodríguez

don Xerardo Alvarez Limeres, morto de tanto sufrir; il soemido a cadea, logo fuxido e perseguido. Pra salvar a vida, ten de abandonar a muller, os fillos e o chán patrio, acolléndose o refuxo de Cuba. Elí sofre moito e loita moitísimo, máis a súa rexa vontade e seu escarrecido talento percuráñlle o triunfo. Gaña concursos literarios, chega a ser o primeiro periodista de Cuba, brila na tribúa i en luminosos esámenes revalida o seu título de abogado. A súa limpa conducta, o seu tesoneiro traballo e a súa crara intelixenza e vasta cultura, fixeron que sexa hoxe unha das figuras da Habana. Gosa da maior estima do iustre presidente de Cuba Dr. Grau S. Martín, quen acaba de confiarlle un outo posto de confianza a súa veira.

Nin as firentes doores, nin as persecucións, nin o forzado alonxamento da terra, nin os seus triunfos na Habana, nin o seu fogar refaixo elí coa súa diminuta dona e os seus cariñosos fillos qu-enchen de ledicia a súa vida, fixo mella no afervoado galeguismo de Alvarez Gallego. Siguen sendo un dos homes esgrevios da galeguidade de hoxe, que vive co seu aguzado espírito permanentemente sintonizado coa patria galega e servíndoa en cau-



EN MEXICO — Prada falando cos membros da Delegación Venezolana do goberno vasco Sr. Monzó, deputado Sr. Zambrana e señores Sr. Robamonte, Gallego, Arizumi e Gárate

Periplo Galeguista de Rodolfo Prada...

(Ven da páxina 5)
 dos 35 primeiros anos d'iste século atormentado! Partidos políticos, sub-partidos, núcleos desprendidos dos sub-partidos e figuras isoladas dos núcleos... "Este Madri, cabeza das Hespañas", que tan certeira fustigou, en versos cáusticos o noso poeta Cabanillas. O Madri heroico e grorioso do histórico 7 de novembro do 1936, valladar do torrente totalitarista sanguiñento, cruel e maligno, o Madri que salvou o honor da república e da Hespaña estatal, certamente non é iste. Aquil Madri fugaz, pro de gloria inmorredoiira, orgulo de total-as Hespañas, e da Humanidade enteira, ficou alá, atuado nas covas onde dormen o sono eterno os herois anónimos, os fillos do povo que deron o seu sangue e a sua vida pola libertá, pola democracia, pola independencia e a felicidade de total-as Hespañas...

Mais, como na parábola de Xesús dos "dentes do can", tamén no caos e tolería do Madri mexicano, hai o cacho incorrupto, hai a zona serea, hai o nobre latexar d'afervoado e san patriotismo, hai o cordo aneio de facer unha Hespaña millor que a de onte, —je xa non digamos que a de hoxe!—, unha Hespaña consecenza e resume armónico de total-as Hespañas.

Ise cacho incorrupto, isa zona serea do conxunto d'exilados hespañoes en México, reacounou magnificamente de súpeto o conxuro d-unhas sinxelas decraracións do noso irmán Prada, recollidas polo ilustre periodista Alardo Prats e publicadas no "Excelsior", o diario máis importante de México. As decraracións de Prada daban conta da constitución de Galeuzca en Bós Aires e do seu programa de percurar a eistructurazón de Hespaña en réxime de república federal sobor da base das catro nacións que hoxe compoñen o estado hespañol: Castela, Cataluña, Euzkadí e Galiza, e coa outa aspiración de compretar o cadro ibérico coa incorporazón da nación portuguesa coma membro federal en igual pran de soberanía que as demais nacións federadas. Tamén anonciaba Prada a próxima publicazón do Pacto de Galeuzca firmado pol-os persoeiros máisimos dos tres povos: Aguirre, por Euzkadí; Castelao, por Galiza; e Pi Suñer, por Cataluña.

As decraracións de Prada produxeron, o mesmo tempo, unha reacoun estrepitosa no "Madri centralista" de México. Foi coma se lle pisara o rabo o gato. Iste fungou adoecido, estrapevou, botou lume pol-os ollos e babeou de carraxe. Foi a millor sinal de que o tiro de Prada dera prenamente no blanco. Iste alporizamento tivo estrepitoso reflexo n-unha morea de artigos e comunicados en casi todol-os diarios de México. Sereos e doutriñas uns; venenosos e chabacáns outros. A resultante foi proveitosa: Galeuzca fixo a sua aparición con outa categoría no Madri mexicano. Coma problema preocupante pra uns; e coma luminoso camiño de solucións patrióticas pra outros.

A semente elí espallada por Prada froitificou magnificamente. N-istes días, as informacións cablegráficas da prensa arxentina, diron conta de haberse constituido Galeuzca en México con

importantes forzas de vascos, catalás e galegos.

O irmán Prada fálanos con moito agarimo do meritorio grupo de galeguistas que en México mantén ergueita a sagra bandeira do Partido Galeguista. Recorda con emozón a Florencio Delgado Gurriarán, un dos outos valores da nova poesía galega, ao Ramón Cabanillas (fillo), ao Carlos Tomé, ao Roxelio Rodríguez de Breña, ao Andrés Valín, ao Elixio Rodríguez, ao Casas, Rañó, etc. Ao afervoadamento galeguista d-iles se debe a belida revista "Saudade" que n-aquelas terras honra e presta a literatura i a língoa galegas.

E fálanos tamén Prada con outos eloxios da destacada figura galeguista de México: Johan López Durá, home do

e d'afeuto pra o noso presidente señor Castéao. Con axeitadas verbas, agradeceu Prada, pasando logo a dar unha ampla información de Galeuzca en Bós Aires.

O día seguinte o dito Consello da Comunitat Catalana ofrecéulle a Prada un agasallo na terraza do Hotel Majestic.

Tamén foi recibido Prada na sede da Delegazón do Goberno Vasco, sendo ouxeto de fraternal acollida polo conselleiro do Goberno de Euzkadí señor Telésforo Monzó, polo deputado señor Julio Jauregui e demais membros da Delegazón. Días despois ratificaron os vascos a sua simpatía a Prada, brindándolle un almorzo que foi servido n-unha das salas do Hotel Majestic. Elo aparte, a máis prestixiosa figura dos antigos residentes vascos en México home de grandes

Prada non dí ren, por modestia, do que nós sabemos por crónicas que nos chegaron de México, a saber: O éisito que tivo o seu discurso, que non somentes foi frecuentemente apraudido, senon que o romatar, o público todo posto de pé fíxolle unha emozoante ovación. A importancia do discurso de Prada, fica probada polo feito de que, o Consello Nazonal Catalán, acordou facer d-íl unha edición de quince mil exemplares, pra lle dar ampla difusión. Coma galegos e galeguistas non podemos menos de deixar d-elo costanza con verdadeiro orgulo.

Fálanos tamén Prada das suas entrevistas con outas persoalidades do campo da Xunta de Liberación taes coma: os señores Martínez Barrio, Sbert, Santaló e Luis Ximénez de Asua. O re-

res, fixo escala Prada na capital de Colombia. Elí tivo a outísima satisfacción d-abrazar a un gran irmán galeguista, ben coñecido i estimado en Bós Aires: Ramiro Illa Couto. ¡E de verse a emozón con que o Prada lembra as longas parrafadas que Illa e il le adicaron a patria galega, aos seus sagros mortos, —¡o primeiro Alexandre Bóveda!—, aos seus millores fillos perseguidos i espallados polo mundo... O Illa Couto sigue sendo o afervoado e rexo galeguista de sempre!

Tamén en Bogotá serviu Prada, d-un xeito eficaz, aos ideaes de Galeuzca. Na compañía de Illa Couto tomou conta con catalás e vascos e de seguida xurdeu o fervor por Galeuzca. A verdá é, que Prada non percisou facer esforzo algún. Atopou nos vascos e catalás de Bogotá unha mañifeca predisposición espritoal a prol de Galeuzca.

Persoalidás tan outas e prestixiosas coma o ilustre profesor catalán Dr. Antonio Triás, —hoxe o médico máis eminente de Bogotá,— e coma o tamén ilustre profesor de ciencias económicas vasco, señor Francisco de Abrisqueta, delegado do goberno vasco, acolleron a Prada con afervoadada estima e amostraron sinxela ledicia de conectar cos galegos pra poder compretar o triángulo de Galeuzca en Colombia.

O 28 de Novembro, deron unha mañifeca cea no restaurant Temel en honor de Prada, a cal invitaron a Illa Couto. Por parte dos catalás asistiron, ademáis do profesor Triás, outras eminentes figuras, coma o profesor Pablo Vila (un dos firmantes do Pacto de Galeuzca en Compostela o ano 1932), o Dr. Xosé María España, ex conselleiro da Generalitat de Cataluña, os señores Pedro Comas, Xosé M. Recasens e Xosé M. Vilarubia. E pol-os vascos o profesor Francisco de Abrisqueta, señores Andrés Pelea, Alberto Fradua, Pedro Amuchastegui, Jesús Ezpeleta, Antonio Larrauri i Euxenio Gamboa. Aos postres ofreceu o agasallo, en elocuentes verbas, o profesor Triás; e Prada agradeceu a xentileza de vascos e catalás con emozoadas eispresións, facendo logo unha eispresión sobor de Galeuzca de Bós Aires. Como romate do aito acordouse a definitiva constitución de Galeuzca en Bogotá e logo con afervoado patriotismo foron cantados pol-os asistentes os himnos das tres patrias: o galego, o catalán eo vasco.

Feita así, con rasgos amplos, a reseña da brillante e fecunda obra reializada por Rodolfo Prada, a través do novo continente, soio nos resta decir isto: que os galeguistas de Bós Aires, non podíamos haber enviado home millor dotado que iste noso irmán, pra facer a laboura que lle foi encomendada.

A densa ilustrazón de Prada; a sua aguda intelixencia; as suas condicións de escritor e conferenciante; o profundo coñecimento que ten dos problemas políticos i-económicos de Hespaña, e a sua, tan sua, habilidade diplomática, fan d-íl un embaixador único. Por iso trunfou; e A NOSA TERRA, en nome de todol-os galeguistas e no de Galeuzca, o felicita de todo corazón



A chegada de Prada a Bos Aires: Os membros do Consello de Galiza: deputados Castéao, Alonso Rios, Villaverde, o prof. Sánchez Guandé, o presidente do Centro Orensano D. Claudio Fernandez, amigos e familiares que acodiron ao aeródromo a darlle a benchegada

Consello do Partido Galeguista, profesor da Universidade de Compostela. López Durá encabeizou a delegazón galega nas negociacións cos vascos e catalás pra formación de Galeuzca que tiveron comenzo a istanzas de Prada nos derradeiros días da sua estanza en México. O éisito das negociacións e o afervoadamento de López Durá, refrexase craramente no cabregrama que d-íl acaba de recibir o Presidente do Consello Galego, señor Castéao, no cal o profesor López Durá lle da conta da definitiva constitución de Galeuzca.

Dos moitos agasallos de que foi ouxeto Prada en México, recorda con especial ledicia o xantar que lle ofreceron os galeguistas, aito pra o cal acodiron a capital, dende lonxanas poboadicións do interior, varios galeguistas, dando esí proba do rexo vínculo de irmandade que nos xungue aos galeguistas onde queira que nos atopemos.

Pola sua parte, vascos e catalás abrumaron a Prada de atencións e agasallos.

O Consello da Comunitat Catalana invitouno a coñecer a sua sede e recibíno en sesión solene, na cal o presidente señor Baltasar Samper pronunciou un alcendido discurso de salutazón, que foi seguido de eispresivas verbas que tamén lle adicaron outros ilustres membros do Consello, como o eminente poeta señor José Carner e o ex ministro señor Tomás e Piera. Todos illes tiveron conceutos de admirazón

empresas, Dr. Francisco Belaus-tiguioitía, ofreceu unha mañifeca cea en honor de Prada na sua suntuosa residencia, a cal invitou a un núcleo de persoalidades vascas.

Pedímoslle ao irmán Prada que nos fale do gran aito celebrado en México en homaxe ao presidente Companys, do cal sabíamos pol-as notizas cablegráficas dos diarios arxentinos.

—Foi un aito imponente, mañifeco e solene, dínos Prada. Orgaizado polo Consello Nazonal de Cataluña, reaizouse na tarde do 15 d-Outono derradeiro, no paraninfo da Universidade de México. O amplo local istaba acugulado de público. Facendo dosel a unha xigantesca cabeza do mártir Companys, locían as bandeiras de Cataluña, da Galiza e d'Euzkadí. Falaron a nome de Euzkadí o deputado señor Xulio Jauregui e o señor Santiago Aznar; a nome da Galiza falei eu, outo honor que me dispensaron os orgaizadores; e pechou o aito a nome de Cataluña o membro do seu Consello Nazonal o insine poeta señor Xosé Carner. Ademáis, o Orfeo Catalán, dirixido polo ilustre mestre señor B. Samper, ofreceu mañifecas cancións patrióticas. Recordo con emozón que, cando no meu discurso nomeei, incidentalmente, ao esgrevio presidente do Consello Galego, señor Castéao, o público tributoulle unha longa ovación. Elo foi crara mostra do enorme prestixio de que tamén goza o noso presidente nos demais povos hespañoes.

sume d-ias entrevistas ofrece-rémolo no prúsimo número da NOSA TERRA, pois elas, pola sua importancia, ben merecen capítulo aparte.

Con orgulo de galegos deixemos eiquí consinado isto: o irmán Prada negouse a unha entrevista co señor Indalecio Prieto, que lle foi proposta, con moito intrés, polo señor Sbert membro da Xunta de Liberación. Prada manifestoulle a Sbert, tras d-agradecerlle o ofrecemento, que il, pola sua condición de galego, negábase a visitar a un home coma Prieto que frecuentemente infería ofensas aos galegos e qu-era un aberto nemigo da galegitude, tal como o acababa de ratificar n-un artigo publicado en México n-ises días, no que Prieto reincidía na sua nemiga contra Galicia. E iste, un rasgo de outa dinidade galega que todol-os patriotas galegos temos de apraudir e agradecer ao irmán Prada. En troques, Prada aceitou o amabel ofrecemento do señor Sbert pra concertarlle a entrevista que tivo co señor Martínez Barrio.

O derradeiro recordo de Prada, da sua permanenza en México, é pra o Consello Nazonal de Cataluña que lle ofreceu a il, e aos demais oradores do aito a luxoso restaurant Pampillón, a Companys, unha señorial cea no víspera da sua saída d-aquela capital.

★ EN BOGOTA

No viaxe de regreso a Bós Ai-

O día 11 de novembro derradeiro, o Sr. Indalecio Prieto, di-
xo o seu informe diante a ma-
ioría parlamentaria socialista
que mora no Madrid mexicano.
Afirmou que falaba en nome do
Partido Socialista Obreiro Hes-
pañol, dándolle así ao seu dis-
curso carácter partidario oficio-
so. "España Republicana" des-
ta cidade servíunolo en catro pá-
xinas a corpo miúdo. Os nosos
anceiros, moi semellantes aos da
maioría dos lectores, dirixíron-
se a procura do contido nos con-
ceitos e solucións que poidera
haber no devandito discurso para
o problema político hespañol.
Lémolo unha vez... e outra; axe-
xamos devagaríño por entre as
letras miúdas para que no nos
fuxira nen unha só idea do pen-
samento de D. Indalecio Prieto...
Tomamos un refresco e vol-
tamos a súa lectura outra vez...
Por fin, cuasi a final da esposi-
ción, atopámonos con catro liñas
que dín así: "Vemos en los mu-
nicipios y en los sindicatos unos
instrumentos formidables para
la transformación de España, en
los municipios por cuanto res-
pecta a la explotación de la tier-
ra, y en los sindicatos por quan-
to afecta a la administración de
la industria.

O resto do discurso, o Sr. Prieto
Tuero, adicouno a peneirar a
Constitución do 31 e ao arranxo
do problema polaco-ruso, do pro-
blema francés e a profecías en-
col da situación política de Gran
Bretaña. Ao problema hespañol
en sí somentes as catro liñas
que deixamos subraídas, con
esceición da declaración de gue-
rra ao Partido Comunista. Polo
visto o problema hespañol fica
arranxado coa restauración da
Constitución do 31, cos munici-
pios e cos sindicatos. ¡Cómo si
non tivéramos todo iso antes e
despois do ano 31 ao 36!

Nen a Constitución do 31, nen
os municipios, nen os mesmos
sindicatos importan un pataco
se non son a expresión da reali-
dade en total-as suas manifes-
tacións. Mais tratándose de Hes-
paña é unha verdadeira peregrina-
lada falar dese xeito. Porque
polo que fai a Constitución do
31 ficou amostrado que é un en-
xendo sen aplicación posíbel. E
un papel mollado ¡e mollado xa
en sangue inocente! E unha fic-
ción feita para reforzar a con-
tinuidade unitaria do Estado
hespañol. E a contumacia a vi-
vir fora da realidade. Abonda
ter en conta que non foi posíbel
mantela en vigor. Pero aínda
que houbera sido aplicábel du-
rante a segunda República, é
ausurdo admitir ou supoñer
que despois de 3 anos de guerra
interna e máis de cinco en ré-
xime de terror totalitario as con-
dicións mentaes, moraes e mate-
riales dos hespañes sigan sen-
do as mesmas do ano 31. Re-
sulta unha perfecta parvada fa-
lar da dita Constitución e moito
máis erguela como Tabú cando
nunca foi máis que un espantallo.

Mais o sorprendente, o que
constitue unha verdadeira des-
coberta para o lector de boa fé,
para o home sinxelo que creu
sempre no coñecimento e na ca-
pacidade dos mentores da polí-

Peneirando Fariña Allea

O derradeiro Discurso de D. Indalecio Prieto

POR
VAZQUEZ DA XESTA

tica hespañola, aínda despois de
haber desgornado a segunda Re-
pública da maneira máis ineita,
é que unha persoalidade abulta-
da como a do Sr. Prieto, que foi
o auténtico xerente do Estado
hespañol no tempo da segunda
República, diga en abstracto, co
desafogo teimoso d'un obtuso
aferrado a que o mundo xire en-
col déle, que os municipios e os
sindicatos son uns instrumentos
formidables para a transforma-
ción de Hespaña. Confesamos a
nosa iñoranza e no nos explica-
mos o por qué da guerra hespa-
ñola, nen a que hoxe asola o
mundo pois a fórmula dos munici-
pios e sindicatos é unha receta
universal, igoalmente aplica-
bel no Congo como en Honolulu.
Iñoramos si o Sr. Prieto ao
referirse a Hespaña coa súa fór-

mua máxica considera a Galiza
como un povo integrante do Es-
tado hespañol. Para nós, gale-
gos, ten moita importancia sa-
belo. Porque unha de dúas: ou
nos deixa fora do Estado hes-
pañol, ou iñora enteiramente o
que representan os municipios e
sindicatos en Galiza.

De 3 millóns de poboación gale-
ga de feito, o 85 o/o áchase
constituída por campesiños e
mariñeiros en réxime de mini-
fundio. O municipio rural, como
a provincia, é unha creación en-
teiramente artificial do Estado
hespañol; unha aplicación au-
surda do sistema políticoadimi-

nistrativo feito para as cidades
e núcleos villegos. No campo ga-
lego eistise unha realidade so-
cial, concreta, viva, que é a pa-
rroquia. As provincias e os mu-
nicipios non tiveron outra fun-
ción máis que estorbar o desen-
rolo normal da vida do país, es-
gazando en catro anacos, sen ra-
zóns xeográficas, económicas,
históricas, nen xustificación al-
gunha. Non hai mente humán,
nen intelixencia capás de facer
dos orgaismos provinciales e mu-
nicipales galegos, según o molde
do Estado hespañol, entes so-
cialmente vivos. Son simplemen-
te orgaismos legaes e represen-
tacións do inesistente. Son apa-
rellos do Estado hespañol para
os tinglados eleitoreiros ao mar-
xe da realidade social i econó-
mica do país.

Un Ano Fecundo para o Galeguismo

O ano 1944 que fai poucos
días despedimos con ledicia, foi
un ano fecundísimo para os
ideaes galeguistas, que é o mes-
mo que decir para Galiza.

Comezouse a laboura do ano
con un gran acontecemento: a
publicación do libro de Castelao
"Sempre en Galiza", que é unha
verdadeira biblia galega; fíxose
o soado banquete a Castelao
pol-a aparición do devandito li-
bro, ofrecido pol-a coledividade
galega de Bós Aires en pleo,
ao ilustre líder da galeguidade
e do galeguismo. Este banquete
marca unha data histórica no
noso movemento, pois sirveu pa-
ra mesurar o estado de ánimo
dos emigrados galegos con res-
peito a autonomía de Galiza. Foi
un acto político da máis outa
siñificación, tanto pol-a enorme
cantidade de xente calificada que
concorreu a éle, plea de emoci-
ón cívica, como pol-as moitas
adhesións recibidas e os impor-
tantes discursos pronunciados,
cheos de fé e de esperanza na fu-
tura liberdade da nosa Terra.

O grupo de "A Fouce", pu-
blicou 3 ou 4 números do valen-
te e inqueda periódico, e co gallo
do aniversario do plebescito do
Estatuto, e coincindo co ban-
quete a Castelao, editou un número
extraordinario da máis outa va-
lía.

Os actos en celebración do Día
de Galiza tamén foron, en ver-
dade, actos de reivindicación
dos dereitos da Patria Galega,
sobre de todo o feito do no
Centro Asturiano e orgaizado
pol-os Centros Pontevedrés,
Orensano e Lucense; ademais de
outros tamén importantes, como
o do Centro Gallego de Avella-
neda, concluído coa clausura da
mañifeca Esposición de Artistas

Galegos, orgaizada pol-a Federa-
ción de Sociedades Galegas, quen
solicitou de Castelao o discurso
de clausura, facendo éste cunha
conferencia, conceituosísima, co-
mo total-as suas, encol do arte
en xeral, i en particular sobre
da arte galega.

A saída permanente de A NOSA
TERRA, valente adalide dos
ideaes galeguistas; o viaxe de
Prada através do Continente
americano, vencellando as colei-
tívidades galega, vasca e cata-
lán nos ideaes de Galeuzca, é
unha mostra do que o galeguis-
mo de Bós Aires fixo en prol
da causa que a todos nos xun-
gue.

Pero, sen dúbida, o feito de
máis transcendencia para a nosa
Patria, é a creación en Monte-
video do CONSELLO DE GA-
LIZA, integrado pol-os catro di-
putados galegos residentes nes-
ta parte de América do Sud, e
do que foi nomeado Castelao seu
Presidente.

O CONSELLO, que como le-
vamos dito está recibindo innu-
merabeis adhesións de total-as
partes de América onde hai re-
fuxiados i emigrados galegos,
cumpre unha valiosa laboura pa-
triótica, vencellando aos nú-
creos vascos e cataláns, i entre
todos, pensan e traballan por
unha Hespaña ben orgaizada,
próspera e feliz. Estamos segu-
ros de que a gravitación do Con-
sello de Galiza ha de ser deci-
siva no futuro próximo de Ibe-
ria.

Entendendo así, un grupo de
caracterizados cabaleiros da no-
sa coledividade — cuio nome
nos reservamos para non ofen-
der a súa modestia — crearon
unha Comisión de Contribuintes
pro-Consello de Galiza, que ten
por ouxeto — como o mesmo in-
dica — recaudar fondos para
soster os gastos do Consello,
que xa comezan a ser moitos, e
sen dúbida chegarán a ser moi-
tos máis, a medida que o Con-
sello acelere a súa laboura.

Non queremos concluir esta
sinxela reseña da laboura feita
este ano que acaba de irse, sen
falar da mañifeca festa ofreci-
da polo noso impoderabel amigo
e irmán Puente, na súa residen-
cia particular, en honor do Pre-

Pol-o que fai aos sindicatos
para a adiministración da indus-
tria, tamén Galiza fica fora do
xenial e xeneroso programa de
Prieto Tuero.

Somos un povo de labregos
que nunha boa parte son ao
mesmo tempo mariñeiros e obrei-
ros manuaes. Non temos gran-
de industria nen proletariado a
semellanza doutros países hes-
pañes. As nosas cidades e nú-
cleos villegos viven todos do tra-
ballo do labrego, polo que se
esprime que a clas esplotada, o
proletariado galego veñen sendo
os labregos. Pero como ao mes-
mo tempo son pequenos proprie-
tarios, as condicións xurdidas
destes faitores non teñen seme-
llanza coas dos proletarios dos
centros industriales, nen coas do
campesinado dos latifundios.

Afirmar, pois, que os munici-
pios e sindicatos actuaes son
instrumentos para resolver os
problemas galegos é amostrar o
descoñecimento da realidade ga-
lega.

Pero hai máis. Ningún proble-
ma económico-social terá solu-
ción axeitada sen antes res-
olver o problema político-cultural.
Velahí a sustentividade do pro-
blema fundamental do Estado
hespañol. Os sindicatos e munici-
pios son cousas que fan os ho-
mes, hoxe dunha maneira e ma-
ñán doutra; mais os povos, cos
seus caracteres diferenciaes, de
índole etnográfica, xeográfica,
histórica, psicolóxica i económi-
ca, etc., non dependen da von-
tade do home para ser desta ou
daquela maneira. Non está ne-
les cambiar o seu ritmo de vida
e xeito de ser como se cambia
de chaqueta. E todos estos faito-
res constituen o problema polí-
tico.

En Hespaña hai un problema
catalán, hai un problema galego,
hai un problema vasco, política
e socialmente falando. Nunha
verba: hai un problema de Es-
tado que non se arranxa cos mu-
nicipios nen cos sindicatos de
que nos fala o Sr. Prieto.

Si o Sr. Prieto non tiña outra
cousa para decirnos, nen outras
solucións para os problemas hes-
pañes, fora millor que ficara
calado e non estorbara os an-
ceios renovadores conxugados
cos tempos que corren e, princi-
palmente, de acordo coas reali-
dades hispánicas.

A Constitución do 31 morreu
afogada coa segunda República.
Non fagamos prestidixitación
para desenterrar aos mortos! Si-
ga o Sr. Prieto arranxando o
problema polaco-ruso e facendo
profecías encol do próximo re-
sultado eleitoreiro en Gran Bre-
taña. Non deixé de ollo o pro-
blema do Afnistán e fálenos un
pouco da Birmania. Todo iso é
política vella e moi hespañola.

CASA DURAN

• SOMBREIROS

• CAMISAS

• BONETERIA

• PANTALOS

30 Gral. Bosch 30

U. T. 22 - 4405

AVELLANEDA (PIÑEIRO)

Rotisería 'El Serrano'

XAMONS - CHOURIZOS - etc., etc.

(A MANEIRA DE GALIZA)

NON ESQUEZA: BELGRANO 1949 — Tel. 47-1056

Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte, a o-
ra,
mañán... na vida e na
(morte!)
R. CABANILLAS

A nosa terra

BOS AIRES, XANEIRO DE 1945

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO
1 - Galicia, unidade cul-
tura.
2 - Galicia, pobo autón. mo
3 - Galicia, c o munde
cooperatiua.
4 - Galicia, célula de uni-
versalidades.

Encol do Bilingüismo

POR
MOISES DA PRESA

minal de menosprezo do noso, chegamos ao remate de que a tan carezada cultura castelán ren foi capás a demostrarnos. O idioma galego é o vehículo d-espresión único do noso povo.

Que ficaría — cabe preguntar — do idioma castelán na nosa Terra falado por unha minoría nas nosas cidades orfo da proteición do oficialismo d-estado? Conquerida a nosa liberdade, coa oficialización do noso idioma, o castelán desaparecerá na medida da cordialidade esistente entre ambos povos. De calquer xeito, n-unha Federación de Nacións será a lingua de relación entre os diversos povos, que xa d-abondo.

Agora ben; existen estados bi-

lingües, non povos, como o belga onde conviven dúas nacións, dúas culturas e dous idiomas; o francés e o flamenco; onde o primeiro senta o seu imperio preponderante, pousado na forza do oficialismo d-estado.

Na Franza, fálense catro línguas: a bretona, a vasca, a provenzal, e a francesa e como na Bélxica, este derradeiro idioma é o dictador que teima destruír polo dereito da forza aos auténticos vehículos de cultura dos povos vascos, bretón e provenzal.

Na Suíza, o país modelo por

eiselenza, onde conviven en perfeita armonía afinada no respecto mutuo, franceses, italiáns e alemáns, non embargantes seren maoria os derradeiros, cada lingua é oficial no seu respectivo cantón ceibes polo tanto, da absurda e brutal imposición por parte d-unha nacionalidade, favorecida, que pretenda pola forza do seu imperio personificado no estado, esnaquizar as culturas dos outros povos e d-este xeito, crear o clima de xenreiras e odios que fatalmentes preparan o camiño ao arredismo.

Na Rusia do século XIX e parte do XX até a caída do réxime zarista, a nobreza era bilingüe. Falábanlle ao povo en ruso e entre eles, por incurabel parves por mi-

metismo alleiro, como consecuencia do seu complexo d-inferioridade, falaban en francés.

Convén non esquecer que na Hespaña, sucedía máis ou menos o mesmo que na Rusia dos zares, chegando no seu celo mimético, a estreitar o territorio hespañol en tantas provincias como en departamentos está dividida Franza...

Na Hespaña fálense catro idiomas. O galego, o vasco, o catalán e o castelán i este derradeiro idioma, por unha fatalidade histórica de tipo dinástico — non cultural nin económico — sentou de xeito dictatorial a sua hezemonia política sobre as outras nacionalidades coa soberba intención de asimilalas mais o intento foi en vao. Despois de máis de catro séculos de inhumán asoballamento que levou aos povos hispanos a máis ruín depauperación cultural i económica a cal non escapou a propia Castela, hoxe xurden variles, pleos d-espranza no futuro, sabedores de que só no celme do seu xenio nacional, hacharán as fontes do seu engrandecimento cultural i económico.

Os gobernos hespañoes, — dende os reis Católicos — na sua inserata teima d-impór o imperio de Castela decretaron ao castelán como único idioma oficial en todo o territorio da Península. O galego, o catalán, e o vasco, según a interesada propaganda hespañola "son groseros dialectos propios de gentes rústicas"... (?) E esta labourea criminal comeza na escola, pasa polo teatro a oficina e artementes métese nos fogares creando o doroso complexo d-inferioridade nas nosas xentes... Foi mester o patriótico berro de redención do chan galego, inizado polos nosos gloriosos precusores, para acchar no peito dos patriotas, anxeios de lus cara a novas formas políticas, culturais i económicas que salvarían a nosa Patria da magoante condizón de coloa de Castela.

E a vos dos precusores foi escoitada polo povo. Xurdiu unha concenza nova afitando cara a un porvir de liberdade, de recuperación do noso, onde a vos galega fose escoitada e respetada d-igual a igual.

Cando xa estaban a comprirse os tan degorados anxeios da nosa Patria, baixou da meseta e tirziuse de sangue mártir, o bestial berro de "ESPAÑA UNA Y GRANDE" e caíron á milleiros os patriotas galegos que soñaban c-unha Patria enchida de futuro.

Catu Bóveda, catu Casal, Díaz Valiño... caíron Xaime Quintanilla, Víctor Casas... Catu Compans. Mais non caíron en vao, porque a idea está en marcha e xa non hai quen á deteña. Mais e lamentabel, e ridículo, o antipatriótico, e que logo do recente e bárbaro tributo de sangue galego ao pendello da "ESPAÑA UNA Y GRANDE", inda haza galegos, que andan moxando co estribillo do "bilingüismo"...

A propósito da reunión das Cortes Hespañolas en Mexico

POR

Antón Alonso Pérez

A reunión das Cortes hespañolas de México é un fracaso; o resultado era doado prevelo. E o froito amargo de seis anos de pelexas entre os líderes do republicanismo hespañol no exilio. Os que vimos seguindo con desperta atención as maniobras d-estos xefes políticos, estamos en condicións de poder calibrar a sua falta de responsabilidade e a súa desastrosa autuación. Nin a amargura da derrota, nin a door da patria aferrollada, afundida no desastre e na tiranía, nin o tráxico sacrificio inútil de dous millóns de hespañoes na guerra civil, sirviron pra moderar as desmedidas ambicións, os seus desexos de mando e a apetencia de predominio.

¿Qué garantías de eficiencia, de honradés e de seguridade lle ofrecen ó povo hespañol éstos xefes? ¿Pode creerse na sinceridade dos seus propósitos? ¿Teñen prestixio d-abondo pra poñerse mañán ao fronte dos destinos de Hespaña? A resposta é, verdadeiramente, dubidosa.

O momento non pode ser máis oportuno pra facer un acto de contrición e poñerse con lealtade, con limpas intencións ao servicio da república, e tratar de derrubar a ditadura falanxista d-unha ves por todas; porque, según van as cousas, en todas partes van a gobernar as democracias, menos en Hespaña.

Xa se comezou mal, e as cousas que se inician mal, terminan sempre mal. As Cortes hespañolas de México, son o resultado de maniobras obscuras e reptantes. Basta o voto por de-

legación, que é unha herexia constitucional, e que se presta pra os amaños máis vergoñentos e delituosos, pra restarlle seriedade, honradés i eficacia; ademais da escasa concurrencia de



Con moita ledicia publicamos hoxe este valente e conceituoso artigo do noso amigo e irmán Antón Alonso Pérez, no que se revela un agudo e asinado observador do momento político hespañol.

Alonso Pérez é unha figura destacada — a pesar da súa xuventude — de colectividade galega de Bs. Aires, e de notoria autuación na prestixiosa Federación de Sociedades Gallegas, onde él foi i é un dos dirixentes de máis relieve, polo seu sentido da responsabilidade e polo seu dinámico modo de actuar.

diputados. ¿Poden considerarse válidas as sesións d-unhas Cortes coa sola asistencia de setenta deputados, que nin siquera repre-

sentan a totalidade dos diversos sectores de que se compon a Cámara, sobre un total de catrocentos?

Hay que buscar solucións patrióticas. O fracaso da Xunta e agora o da reunión das Cortes, obriga a elo. O intre é propicio. Debemos dar un exemplo de civismo profundo, que ambicións e pelexas deixaron mal parado. Hay que crear un goberno digno, serio, que sexa unha garantía pra Hespaña e pra as demáis Nacións, si se quere que sexa reconocido polos países aliados e merecer e outar a sua axuda.

Previo a esto hay que formular un plan xeneral de reformas políticas, económicas e sociais, pra que o povo sepa a que aterse. N-unha verba: un plan completo de estreitización federal da nova Hespaña, tendo en conta as suas diversas nacionalidades. Volver a aquela "república de trabaxadores de todas clases" que tan ben ridiculizou o escritor soviético Elías Eremburg, no seu libro "España, República de Trabaxadores", parécenos o máis grande dos erros. A constitución do 31 está tan morta como a do 73. Fagamos da guerra civil do ano 36, non unha simple e inútil guerra civil como outras que houbo en Hespaña, senon unha auténtica Revolución, que marque unha época na nosa hestoria.

Hay que botar polo bordo o lastre noxento, a rémora oscurantista do vello réxime, do que algúns dos líderes republicanos están contaminados.

One-Eleven



EL GRAN CIGARRILLO

AMERICANO

35 cts.

LEONARDO PEREIRA
Encárguelle o seu traxe

É BÓ XASTRE
I É GALEGO

Sarmiento 1495 1er. piso
U. T. 45-5297 Bs. Aires

CASA SIERRA

Grandes Establecimientos Funerarios

Callao 255 — Fco. Lacroze 4168 — Rivadavia 6602
Córdoba 5375

TELEFONOS: (54) Darwin 7000 - 1363 - 9000 y 1020
(38) Mayo 6056 — (63) Volta 7600

Sucursales en V. López, Olivos, Martínez y San Isidro (F.C.C.A.)
(CONCESIONARIOS DO CENTRO GALEGO)